

Xacemento da Cidá

060149

Datos de Localización

Castro

Nomenclator:	3207806
Coord. UTM:	X: 61852158 Y: 465877588
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	NOCELO DA PENA
Lugar:	Nocelo da Pena
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Castros
Subtipo:	Castro



Denominación: Xacemento da Cidá

Etapa Histórica: Idade do Ferro

Estilo relevante: Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Trátase dun castro de boas proporcións, situado nas ladeiras do monte do Viso, ao Norte de Nocelo da Pena, a 770 m. de altitude. Presenta cumio chairo, con lixeira pendente cara o oeste, e una muralla pétreo que o circunda e que se destaca do perfil do terreo. Ten un diámetro de 130 m. aproximadamente (E-O), resultando ser un lugar moi apto para o uso habitacional.

Está cinguido ao exterior por un terraplén duns 4 m. de altura máxima, cara o Norte, e defendido cunha dobre liña de foxo, con escarpa e contraescarpa, na zona máis accesible, a de unión coa montaña, a Leste, continuando tamén polo Norte. Por esta zona Leste e pola Oeste é onde presumiblemente se sitúan as entradas ao recinto.

Tanto no propio castro como nas terras de labor que o rodean pódense observar en superficie numerosos fragmentos de tégula, ladrillo e cerámica común romana, así coma outros elementos; tal é o caso do quicio dunha porta situado ao pé dun camiño que dende o Suroese da acceso ao castro.

Tradicionalmente, e dende que en 1898 o suxerira D. Marcelo Macías, viuse relacionando este xacemento coa *Civitas e o Forum Limicorum*, en base á aparición de catro pezas epigráficas descubertas no século XVIII, que estaban empotradas nas paredes da desaparecida ermida de San Pedro, situada aos pés deste castro, a escasos 200 m, pois en dúas delas se fai mención á *civitas* dos límicos (ver ficha do Xacemento do San Pedro). Non obstante, e froito das investigacións en torno aos conceptos de *civitas* e *forum* e das escavacións e dos importantes achádegos que nos últimos anos se teñen realizado na vila de Xinzo, na actualidade estase a desbotar aquela relación, propoñendo este último núcleo como o lugar no que se ubicaría dito *forum limicorum*.

Accesos: antes de chegar á aldea de Nocelo da Pena, hai que desviarse á esquerda por unha pista da concentración parcelaria. Ao chegar ao final desta, a 1 km aprox., tómase un camiño á esquerda e ao chegar a dous grandes penedos, outro á dereita que leva directamente ao castro.

DOCUMENTACIÓN:

- Inventario de Xacementos Arqueolóxicos. Xunta de Galicia, 1990. Clave de Identificación: GA32078003.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles















